



Agora, alugar a túa vivenda é máis **seguro**,  
**cómodo** e está **cheo de vantaxes**

Programa de Vivenda en Aluguer

Failla un clic  
ao galego  
Se queres inscribirte, preme aquí →

Martes 01.04.2008 | Actualizado 20.59 | Hemeroteca web | RSS

Galicia-Hoxe.com Radio Obradoiro Correo tv **tierras** anova

# El Correo Gallego.es



encontrar

El Correo Gallego

buscar

[Inicio](#) [Santiago](#) [Comarcas](#) [Galicia](#) [España](#) [Mundo](#) [Deportes](#) [Economía](#) [Gente y comunicación](#) [Opinión](#) [Participa](#) [Canales](#) [Servicios](#) [Suplementos](#)

[Galerías gráficas](#) [Televisión](#) [Cine](#) [Música](#) [Noovo](#)

Gente y comunicación | [sociedad@elcorreogallego.es](mailto:sociedad@elcorreogallego.es) | RSS

[Noticia 6 de 19] [← anterior](#) [siguiente →](#)

'COLORÍN'

## Eloi Caldeiro honra a X. M. Álvarez Blázquez

O director de Sons Galiza porá no mercado unha edición libro-CD-DVD do poeta tudense \*\* Coa súa obra, o músico debuta no mundo da música infantil

0.0/5 [0 Voto/s] | 142 visitas | 0 comentarios



V. OLIVEIRA • SANTIAGO

Hoy, nuestros ingenieros se han basado en esta filosofía para crear la Nueva Gama Saab 9-3. Potencia y **Ecología**.




Acuerdo especial Arquitectos  
Lláme ya al 902 930 025

### Acceda al R.A.I.

Acceda al Registro de Aceptaciones Impagadas

**einforma**

Clic aquí



Eloi Caldeiro, que porá no mercado 'Xosé María Álvarez Blázquez, entre o Miño e o mar de Vigo'  
FOTO: Emilio España

O músico Eloi Caldeiro, director de Sons Galiza, porá estes días no mercado o proxecto Xosé María Álvarez Blázquez, entre o Miño e o mar de Vigo, unha edición libro-CD-DVD. Trátase do segundo número da colección O son da palabra, que comezou o ano pasado con María Mariño. "Nace para darlles outra visión aos poetas e escritores galegos", apunta Caldeiro, que se encargou de musicar os versos do homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas e de dirixir o documental sobre a súa vida.

O disco, co título de Colorín, contén 11 poemas musicados do libro Roseira do teu mencer, adicado por Álvarez Blázquez á súa primeira filla, María Luísa, coñecida familiarmente como Colorín. Caldeiro elixiu os versos que "mellor conectan con nenos" xa que o seu obxectivo é achegar os poemas do tudense ao público infantil, xa que, segundo sinala, "hai moi pouca música infantil en Galicia", xénero no que tamén debuta.

"Para Xosé María Álvarez Blázquez Roseira do teu mencer representa a chegada da súa primeira filla, á que lle dedica este libro, de tal xeito que para min, o disco é unha homenaxe ao escritor ao que lle morreu a filla con apenas vinte anos", asegura o músico.

O DVD contén un documental sobre a vida de Álvarez Blázquez, que inclúe imaxes das vilas nas que "deixou pegada" a través das voces da súa dona, María Luísa Cáccamo, os seus fillos Pepe, Alfonso, Elena, Celso e Berta Álvarez Cáccamo mais os seus sobriños Darío e Alfonso Álvarez Gándara.

Tamen achegan os seus coñecementos sobre a figura de Álvarez Blázquez un feixe de amigos que o coñeceron, como Francisco Fernández del Riego, María do Carme Krukenberg, Darío Xohán Cabana, Víctor F. Freixanes, Luís Ferreiro -fillo de Celso Emilio Ferreiro- ou voces autorizadas como o cronista oficial da cidade de Vigo, Lalo Vázquez Gil, a escritora Marga Romero, a veciña do pobo de Coreses (Zamora) Pilar Fernández e o veciño do concello de Tui, Rafael Sánchez. "Haberá moitas análises literarias, pero eu busco a pegada humana, por iso no documental sae a xente máis próxima ao escritor, falando de momentos tan difíciles como o do asasinato do seu pai", indica Caldeiro.